

06 SETEMBRO DO 2007 - NÚMERO 686

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Emilio Araújo

Emilio Araújo (Coles, 1946) pertence á caste dos indomables. Probablemente, tamén á dos románticos. Boa proba desa militancia nas raíces e na verdade foi a súa editorial Noitarenga, da que saíron títulos claves da obra de Uxío Novoneyra ou de Lupe Gómez. Alumno de Derrida, Badiou, Althusser e Lacan, este a través do seu xenro e discípulo Jacques-Alain Miller, Araújo iniciou nos últimos anos a apaixonante aventura de retratar a desaparición do mundo labrego de Galicia. Poeta, filósofo, activista, filántropo de experiencias insólitas como a revista *Amastra-n-gallar*, Araújo acaba de sacar á luz

Emilio Araújo

Paisaxes

de extinción

o que é, sen dúbida, o seu máis inquietante traballo fotográfico. Ao igual que fixera co entroido ourensán ou na súa sobrecolledora crónica dunha cociña aldeá –que fotografou durante vinte anos nas Terras de Caldeas–, Emilio Araújo presenta agora unha galería de extincións, humanas e paisaxísticas. Trátase dun berro fotográfico que cunha exquisita economía de medios –unha man e, con frecuencia, un espello– logra transmitir a angustia e a desolación da nosa propia historia. Revista das Letras presenta a escolma destes aloulados alaridos como testemuño dun creador que encontrou no silencio un estrondo radical, comprometido e feroz.







Nesta páxina, Marisa da Torre Regal. Santiago de Arriba. 17/06/07.

Na páxina anterior: arriba, esquerda, Obdulia Fernández Moure. Pincelo, 01/04/07. Á dereita, Marisa González Feixoo. Pincelo. 01/04/07. Abaixo, esquerda, Xosé Carlos García Vázquez. Donramiro. 30/03/07. Á dereita, Xoán Sánchez Rodríguez. Vilar. 05/04/07.





Nesta páxina, Avelino García Pérez. Pincelo. 01/04/07.

Na páxina anterior: arriba, esquerda, Isolina Pumar Álvarez. Pomar. 18/04/07. Á dereita, Marisa González Feixoo. Compostela. Portoquintela. 28/04/07. Abaixo, esquerda, Antonio Gómez Cortés. A Senra. 19/04/07. Á dereita, Moncho Xácome Prieto. A Miranda. 01/05/07.

Coordinación: A.R. López, Montse Dopico e S. Noia. Deseño: Signum. Na foto: Manuel Álvarez. Vilamor. 05/04/07



13 SETEMBRO DO 2007 - NÚMERO 687

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Manuel Forcadela

Manuel Forcadela (Tomiño, 1959) é un dos representantes máis prolíficos e versátiles da chamada xeración dos oitenta, á que el lle achegou unha actualización dos parámetros clásicos cun ton decadente e existencial. Autor de poemarios como *Ferida acústica en Río* (1981), *O Regreso das ninfas* (1985) ou *Refutación da musa* (2002), Forcadela acometeu tamén unha longa traxectoria de narrador que o levaron a tocar todos xéneros, en especial a novela negra con *Barato, barato* (1991) ou *Fóra de xogo* (1993). O ensaio literario –estudou a Fole, Pondal, Blanco Amor e máis recentemente a Ramón Piñeiro e Cunqueiro– fundiuse nos últimos anos co vídeo, outra das súas faces creativas, e como froito xurdiu o documental sobre María Mariño *A flor das raparigas en sombra*. Agora, presenta en Revista das Letras un monográfico híbrido, composto polas imaxes do seu videopoema *Adeus Literatura* –que pode pedirse no seu formato de dvd ao endrezo caixab@telefonica.net– e o longo poema *Voyage au bout de la nuit/The long and winding road*, texto en alenxandrinos que culmina en boa medida o que foron os seus principios estéticos nos seus xa trinta anos de escrita e desbordante pulsión literaria.

Manuel Forcadela

Voyage au

bout de la nuit

/The long and

winding road





*No outono de 1970 aconteceu algo
que mudou por completo a miña vida,
un suceso que aínda agora,
trinta e cinco anos despois,
non dei asimilado:
os Beatles
separáronse.
E, como deixou escrito Otero,
contando o acontecido
cento dous anos atrás:
"O mundo da miña mocidade caeu co estrondo das froitas maduras
no pomar".*

*Adios, ríos; adios, fontes
Rosalía de Castro*

As frautas dun idilio, as cabras dun pastor.

Adeus, paixón vehemente da miña mocidade,
Oh río tropical de matos e espesuras
Que xorden impregnadas de palabras,
Sublime compañeira das horas do verán,
Ti, dama que ficou, na épica das horas,
Á espera de que un vento de novo me levase,
Propicias as xornadas, á patria de regreso,
Penélope e Ulises, Xenebra e Lanzarote.

Adeus, bebida doce, alcólica visión
De mundos sulagados, de montes posuídos
Por lavas e por lumes, por tropas á conquista
De torres e cidades.

Eu son o que noutroa, ao son de fruta aguda,
Serenou modulou bucólicas cancións.
Despois deixou a patria, sumido na cobiza
De longos horizontes,
E foi polos camiños do imperio dilatando
Xornadas dunha heroica mocidade,
E así chegou un día aos límites de Troia,
Acaso tres mil anos despois de que os aqueos
O fado coñecesen e o gume das espadas.

As dádivas de Grecia fixéronme feliz
E souben que eran eses os camiños
Que había percorrer nos tempos en que, logo,
Despois de que a viaxe rendese cos seus froitos
Tributo a aquela patria orixinaria,
Volvese ao meu país, tentando prodigar
Nos cantos que facía o voo daqueles fumes.

¡Adeus Literatura, meu prístino país
De torres silandeiras e muros derrubados!

Deixei de crer en ti. Xa nada nos reúne.
Non somos máis que antigos amantes separados
Por lúas de paixón, por meses de distancia,
E teño que deixarte, partir para outros mares,
De pé sobre as madeiras dun vello pailebote,
Sumido no meu pranto de bébedo e suicida,
A oír o acordeón funesto da nostalgia.

Adeus, maldita dama, infiel e mentireira,
Deitada sobre os lenzos de seda do casino
Á espera do tafur, do conde, do malandro,
Solemne prostituta, fantasma da linguaxe.

Adeus vello navío, veleiro en que embarquei
Á busca doutras illas e mares e linguaxes,
Soberbio capitán, tamén pirata ás veces,
Soñando achar a lúa deitada sobre as augas,





E así, Literatura, entrei de cheo en ti,
Sen darme nin sequera un tempo para abrir
Os ollos e atender á lúa que chegaba,
Celeste sobre un manto de tebras e distancia.

Pois novo celebrei, febril Literatura,
O culto que che renden, insomnes, os poetas,
Deitados nos seus pozos de néboa e de soidade,
Silente atrás de ti, dos soños na distancia,
Batendo contra as pedras o barco na arribada,
Na sombra do teu manto dispuxen o meu corpo
E fun como esas aves que acenden no horizonte
A liña dunha néboa lixeira que se abate
No corpo do solpor, na fronte de xaneiro,
As tardes en que dura moi pouco a claridade.

Sen ollos para a luz, centrei toda mirada
Nas gándaras de lama, nos bosques buliciosos,
Soñando achar a veta dun branco mineral,
A prata que refulxe, tinxida de incerteza,
Nos labios con que falas, na boca con que clamas
Tristísima no fondo das torres do deserto,
Escura e solitaria, viúva, abandonada,
Despoxo dunha vida disposta contra a luz,
Cadáver que rebentan os corvos e as pregarias.

Non sei de ónde brotas nin cándor fuches nada,
Se formas parte certa da música ou de min,
Ou dás contra os valados do outono unha función
De longas ladaíñas, de súpetos rosarios,
Ou levas entre as hedras a forza dunha voz
Sutil como un aroma, lixeira como a sombra.

O certo é que ese xeito que tes de procurar
O rumbo silencioso das voces, das palabras,
Entrou moi fondo en min e souben conservalo,
No medio dunha música de cinza,
No fondo dun faiado de borrallas,
Oh príncipe infeliz no pazo solitario,
Vagando entre os resquicios de insólitos banquetes,
Gritando a sinfonía dos anxos contra a caixa
Aberta dos pianos, oh duque das ruínas,
Insólito almirante das flotas afundidas,
Cabaleiro vencido na incerta cruzada das algas...

Por iso, oh funeral, oh trágica entre as artes,
Farteime da brebaxe que ofreces aos caídos,
Dos tristes bebedizos que dás pra celebrar
O voo das túas noites de imaxes e sombras.

E así, Literatura, país do meu ensoño,
A patria que non tiveron, nación que nunca foi,
Delirio e simulacro, e fábula e ficción,
Ti estabas impregnada da mesma servidume
Dos libres cabalos trotando no alto dos montes,
Dispostos contra a terra por mor da gravidade,
Mais sempre co degaro do voo, da elevación.

Por iso entre Galiza e ti, Literatura,
Prendeuse esa faísca de lúas e licor
Que viña polas noites prender na miña casa,
Nos cuartos en que absorto soñaba con chegar
Un día até os faiados de arcóns e de paquetes
Gardados por alguén que os trouxo de ultramar
Nun mes que se perdeu nas décadas antigas.





Alí depararían os anos esquecidos
Un brillo de regreso a aquel que se deitase
No leito de lenzos de liño unha tarde a soñar
Epístolas abertas que foran consumidas
Por ollos de espanto,
Por dores sen cura.

Pois todo nos levaba acaso sen querermos,
Sumidos na cobiza das longas despedidas,
A abrir esas cartas, oír esas voces,
Fechadas nun retrato que foran consumindo
As chuvias e o lume de fríos invernos.
As voces que proviñan do fondo do faiado,
As voces que se foran fartando de vivir,
Aquelas que escoitáramos na luz da mocidade,
Aquelas que era obriga agora rescatar
Por medio dos teus filtros, e así darlles xustiza,
Pois moitas feneceran sen ter ningún alivio
E nosa era a canción que aínda prodigaban
Con labios fenecidos, selados con borralla,
No fondo dun armario con centos de meses
E miles de semanas.

Por iso prometemos cantar esa balada,
Tanxer de novo a corda
Da lira que xacía durmida xunta á porta
E así recuperar, con dúbidas e esforzo,
A sombra que fulxía, o sol anoitecido.


Adeus, maldita e triste, nupcial e namorada.
Adeus demente lira, bucólico piano,
Insomne violín, soberbio clarinete,

Que outros che compoñan a música que tocas!

Que novas melodías acerten a ingresar
No longo repertorio que podes proferir
No fío dun delirio, sen túnicas na voz,
Espida como os anxos e as árbores de outubro.

Adeus, maldita dama, adeus vello navío,
Adeus, bebida doce, oh trágica e febril.
Despídense de ti os tristes cabaleiros
Que foran ás montañas a soñar,
O louco anacoreta, o cervo fuxidío,
A lánguida folerpa de neve a procurar
O leito do teu chan, a sede do teu río.
Despídense os barqueiros, as mozas que fiaban
Un vello novelo de cantos sen fin.
Despídense as estrelas, as lúas que vertían
Solemnes un fluxo de cinza no mar.
Despídense os obreiros, tamén as cupletistas,
As brancas raparigas camiño do solpor,
Infel e mentireira, fantasma da linguaxe.

Despídense os camiños e as árbores de outubro,
Os buques afundidos, as praias sen acceso,
As néboas derrubando alpaca enferruxada
Nun fondo de lagoas con vidos e salgueiros.
Despídense tamén as rúas que habitei,
As casas que me deron quentura e acubillo,
As camas en que fomos deitando os nosos corpos
En tardes e noites e albas e días,
Felices de vivir, tamén atristurados,
De tanta que era a chuvia, de tanta que era a chuvia.





Despídense as palabras que eu tiña engalanadas
En vellos cadernos, en libros e libretas,
Palabras que fulxían, que daban no seu brillo
Un eco de distancias que nunca se andarían,
Porque ese era o meu pacto co tempo e os espazos.
Palabras como uvas, ben brancas e ben tintas,
Rotundas e redondas, gozosas de premer,
Dozura e humidade das bocas e dos labios.

Despídense de ti os pobres, os inermes,
Os cálidos, os fríos, os lánguidos, os claros,
Aqueles, en resumo, que estaban na túa porta
Á espera de que un vento sutil lles revelase
As fotos que durmían no escuro das gabetas,
Os álbums gastados por longas claridades,
Pois triste é o cantar que temos que entoar,
Por moito que o cantemos, por moito que o cante-
mos.

Adeus, por sempre, adeus. Esquécete de min.
Non veñas, non procures, non tentes achegarte,
Non fagas por toparme, oh líbrame de ti.
De pouca utilidade a mente pode serche
Daquel que se aventura por frautas e por flores
No insólito debuxo da música e os tintes.

Adeus literatura, adeus miña paixón,
Eu son o fracasado, aquel que derrotaron
Os mares das semanas e os ventos da linguaxe,

O náufrago feliz,
O inculto namorado.



Coordinación: A.R. López, Montse Dopico e S. Noia. Deseño: Signum.



20 SETEMBRO DO 2007 - NÚMERO 688

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Xoán Abeleira (Maracai, Venezuela, 1963) é fillo de emigrantes galegos, unha xinea que o acabará por envorcar definitivamente na lingua de Galicia en 1999, despois de publicar varios libros en castelán, algúns deles –como *Umbral del centinela* (1997)– incluídos entre os mellores títulos da nova poesía española da década pasada. A súa obra rexistra un cambio drástico cando lle entrega ao prelo *Animais, animais*, o poemario que lle abriu de par en par as portas da Literatura galega. A partir de aí, o seu traballo fíxose progresivamente máis complexo e deixou ao descuberto un poderoso creador de vocación interdisciplinar. Fotógrafo de mirada sutil, autor do estremecedor alegato *A pegada de Man* (2006) – sobre a traxedia do carismático artista de Camelle– colaborador habitual de Revista das Letras –onde publicou a Silvia Plath ou Ted Hughes–, tradutor en galego e castelán –Apollinaire ou Rimbaud son algunhas das máis abraiante mostras deste traballo–, autor de obras infantís como a serie de Nunavut –publicada por Xerais con ilustracións de Jacobo Fernández Serrano–, Abeleira ofrece agora unha escolma dos seus últimos poemas, confirmación dunha voz que constrúe os versos coa intensidade dun home que non lle teme ao mercurio. O seu obxectivo na vida e na Literatura é –asegura– “devir nun poeta primitivo”.

Xoán Abeleira

O home que non lle temía ao mercurio



[OAN ANKÉN]

Meu amor non ten máis ca
un só nome, unha soa forma

Robert Desnos

A lección recibida nun serán sen solpor: ti
Acubillada nos espasmos anicada
Para sempre na túa nenez envilecida
Coma as cereixas temporás
Despois dunha xead

Ti inoculada pola chuvia
Repartida pola néboa
Ensarillada polo vento
Ata no último buraco
Que fura o corazón

Dime

Quén senón eu sería quen de aturar
A tempestade que provocas
Con só dicir bágoas
No teu extremo tormento?

Quén se asomaría nin tan sequera ó teu leito
Cando esa voz sinistra
Te está a levar de volta
A ise cavorco de teu?

Eu eu
Que metín a mao no teu enxame
Ata arrasarme contigo

Eu eu
Sen medo ó teu mercurio
Concatenado en ti
Multiplicado en ti
Eu...

Xa sei que esta razón non abonda
Para se-lo sortilexio
Que dá sentido á Vida

Ise rubor sublime mais

Meu amor
Meu amor posible no imposible
Meu amor real polo irreal

Para relerte
Eu preciso de todo o teu espazo
Arreo

Se-lo único que abre as túas páxinas
Cando te deixas facer

Azucres cristalizados ?

Nestas noites nas que roio
A mesmísima cravuña
Da desesperación
Ata devir un só con ela

(Doan don glac'har ankén)

Temo máis o teu silencio có teu adeus
O teu estar queréndote ir có teu regreso

A miña única esperanza

Secasí

Cando penso en ti penso en min
Dándoches de beber coas miñas maos
A raiola dunha fonte

[PEDRAS DA ALMA]

Para Luz e Eduardo.

Véxovos
Como nos vexo a nós en vós

Estarrecidos á fin dun aloumiño
Que vos enleva
A esa vesada alén
De tódolos aloumiños

Tramando ata ise punto o voso amor
No que o máis simple
Lampexo dunha mao
Pode matarnos...

Mais un desexo así
(Pedra das almas)
Esixe a superación
Do desexo no desexo

A transformación
Infinda desa unión
Nun desexo máis real
Máis alto có desexo

Esa bafada de luz
Esa pegada da luz
Que vós en vós
Que vós tan ben

Coñecestes

[TIMANFAYA. Montañas de fuego]

Ás veces, sen espaventos, dobremente escuro,
caio nunha herdade tan similar a esta...

Caio, apesarado como nunca. Nubro. Macilento.
Lapidario.

En semellante territorio endexamais me recoñezo.
O simún varreu as pegadas do animal que outrora
fun: xaguar esnaquizando a cortiza, inaprehensible
ó voo, devorado, finalmente, polas súas propias
fauces.

De súpeto, aquí e alí me limita o po. Transito,
debullándome amodiño, o ventre da lava. Mar de
area ígnea. Barranca dos dós. Aurora rachada.
Ánima, si, baldía!

Pairando sobre os defuntos, único Señor diste
anticeo, o ollo do tecelán é un cráter onde funde a
flora dos meus ósos.

De nada serve aventurarse nistes labirintos. De
nada afincarse en invocar un paso, unha saída. O
castigo é, polo demais, severo.

E a nosa salvación, daquela? A nosa convulsa
liberdade decapitada? Será adquiri-la
adaptabilidade dos liques, arremedar con sinxeleza
a tabaiba que concibe o seu verdor cabo da
chama?

[PASAMENTO.Sipe bardo]

*O raposo sabe moitas cousas;
o ourizo só unha, pero moi importante...*
John Berger, *Porca terra*.

No seu pasamento

No intre mesmo
No que a súa conciencia
Saía proxectada
Coma un refacho
Da súa chola esmagada

Xusto cando o seu corpo
Sutil furaba o ventre
Dunha muller
Enlevada na cópula
O ourizo enxergou ó fin

O porqué das súas espiñas

[BHAVANA]

Espazo de meu sen horas
Que habito coma un incendio
Ata ónde podes pensarme?

As chamadas que propalo
En ti ó pecha?las pálpebras
Aliméntanse de refugos

[ANTESOÑO]

Hoxe, na mesiña de noite, un libro, unha lámpada e un coitelo. O coitelo, para abri-lo libro (ou máis ben a luz da lámpada?); a lámpada, para ve-lo coitelo (ou máis ben o gume do libro?); o libro, para enxerga-lo porqué da lámpada, do coitelo e diste antesoño/interrogante dos tres.

(P.S. – O libro era de Claude Cahun. A luz de Claudio Pato. Mais o coitelo?)

[IDILIO]

*Ela sae sen chegar
Nunca a saír
Il entra sen chegar
A entrar nunca*

*A escena transcorre sempre
Nises limiares*

IL: Mmm?
ELA: Non sei... (Pausa)
IL: E se...?
ELA: Mmm?
IL: Non sei... (Pausa)

*Ela entra sen chegar
A entrar nunca
Il sae sen chegar
Nunca a saír*

*Namentres (pausa infinda)
O amor (morto de medo)
Pasa de largo*

[BISONTE BRANDADO. Cova de Altamira]

Da fenda saíu
A grande femia
E da fenda mesma
O grande bisonte

Nas tebras que xorden das tebras
Atopáronse os dous
Animais alucinados

Ela deitouse no teito
E amosoulle a súa aberta

Il achegouse ata ela
Probouna uliscouna
Viuse a través dela

E sentiu un degoro tremendo
De volver á escuridade
Que brillaba máis aló
Trala grecha da súa grecha

E o degoro turrou dil
Encheu o espazo de sangue
E no instante de almallala
Unha vez por vez primeira

O seu brúo rachou
Toda esta bóveda

[SETE LAIAS SOBRE A PROPIA MORTE]

Señor, concede a cada un a súa propia morte...

Rilke

I

A Morte sempre dá
Un paso máis
Grande ca outro

A alancada que nós
Nunca soubemos dar

II

Na Primavera da Morte
As espigas deveñen
Maos denegridas

Por moito que a papoula
Nise estado febril
Propale a súa

Visión

III

No Verao da Morte
Nós sómo-lo froito
Que xa denantes de caer
Sente o rumor dos vermes

E aí daquil ou daquela
Que non prevexa en si
Cadansúas rilladuras

Canto dó non lle agarda!

IV

No Outono da Morte

Non hai árbores
Non hai gallas
Non hai follas

Que caian

Tan só unha bubela
Pousada no invisible
Coñece ise Misterio

Que canta

V

A Morte garda nela
Unha loaira impensable
Velada polas

Sombras: Ti

VI

Quen de nós saberá
Atopar no seu coído
O seixo branco da Morte?

Quen de nós enxergará
Su a negrume da espuma
Esa alborada de sempre?

VII

No Sorriso da Morte
(O noso Inverno maduro)

Ti e-lo dente que falta

[8 DE MARZO]

A Luísa Villalta.

Vai frío na túa morte e
Bruído unha man-
Chea de bruído e mesmo

O sol de hoxe se nos asemella
Ise avespeiro xeadado
Polos buracos do cal
Zoa o vento zoa a néboa todo
Cheo de bruído

Dende qué punto
Inconmensurable
Disoutro estado
De ti
Disoutro estadio
De ti
Procura-la túa música?

Dende ónde
Nos chamas, nos fitas
Nos buscas?

Vai frío na túa morte
Todo está frío alén
E aquén da túa morte nós

Temos medo nós non te temos nós
Temos só dentro de nós
Esta baleira anguria

[DOLMEN DA CORVEIRA]

Para achegarme a il
Houben de atravesar
Dúas chousas

A herba estaba tan húmida
A terra tan lenturenta
Que me enchoupei
Toda a roupa a feito

Ecoaban os chíos contra todo
O ceo acó e aló
Como se fose il mesmo
Unha laverca multiplicada
En diferentes sons

Dentro da media lúa
Onde antano medraban os ósos
Cara á seguinte vida
Achou abeiro un palitroque
Dixital

Apenas fica nada
Diste sagrario de pedras
Espalladas agora
Polos cerrumes dos lameiros

Mais ó tocalas unha a unha
Agarimando a cafurna
Diste ventre nupcial

Recoñecín nelas
O pulo exacto das bestas

[APAÑA AMORAS]

A Cesáreo Sánchez Iglesias

Se non as colles agora estragaranse:

Locen tan abraiantemente maduras
Que algunhas se desprenden
Apenas con rozalas
Ou se disolven transformadas
Pola morneza dos teus dedos:
Doce regueiro de tinta.

Daquela nada de medo:

Inclínate de corazón
Sen anxeio sobre a silva
E apreciando no que valen
Os rabuños das espiñas
Apaña o que é froito
Da néboa e da garúa

Esas pupilas esbellantes
Coas que se guía a noite

Ou érguete ecuánime
Sobre a pontiña dos pés
Sabéndote no acto
De tender unha mao
Libre de cobiza

Verás entón
Cando consigas acadalas
Que as máis imposibles e remotas
Son as que saben mellor

Ah os diminutos acios os milagrosos grans
Fascinación de insectos e paxaros...

[XALUNDES]

Cos ollos abertos
Non vexo a miña vida
Endexamais a vin

Cos ollos pechados
Enxergo ás veces se cadra
O que sería a miña vida
Se eu souber existir
Así

Cos ollos ben pechados

Para abrilos de todo
Para abrilos a feito
A esta a miña vida

Xalundes

Nalgún lugar afastado
Repousan os meus ollos
Xena a miña existencia

Xalundes

O revisor do tren
O conxurador de peixes
Ise pastor que empina o mar
Nun abrir e pechar de pálpebras

Saben iles da súa vida?

Ollan
Cadansúa vida
Albiscándoos
De lonxe
Procurándoos
De lonxe
Como fito eu
A miña?

E
Ti

Cadela rabiosa
Animal en cataclismo

Qué sabes ti de min
Que eu nunca souben?

Qué estás a dicirme
Ti
Dende ise o teu horizonte

Qué queres
Que eu che diga
Dende istoutro lado noso
Istoutro linde noso
No que ti non estás
Pero me axexas

Ti?

Abre as fauces

Xalundes

Arregaña os dentes

Xalundes

Afía as poutas e

Ven
Se queres

Ven
Se podes

Vida miña

Besta miña

Por min.



27 SETEMBRO DO 2007 - NÚMERO 689

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**




Germán Sierra

Germán Sierra (Compostela, 1960) posúe a causticidade do amoníaco e os efluvios da psilocibina. Froito desta explosiva combinación, a súa obra literaria percorre treitos que moi poucos narradores se atreveran a transitar: a fronteira da vida inerme e da morte vívida. Desde hai algúns anos, Revista das Letras acolle a súa obra en galego, unha “rareza” neste autor envorcado na Literatura en castelán que se converteu en figura incómoda dos canons da industria e nun isolado esculcador da realidade contemporánea. Posmoderno, anarquista liberal, neurólogo,

Germán Sierra Standards

investigador das Illas Aleutianas, compostelán de granito puro, Sierra ofrece agora algúns dos fragmentos da que vai ser a súa próxima novela, titulada provisionalmente *Standards*. As constantes da súa narrativa están aquí, na súa cirurxía, e tamén está o escritor que mira máis alá do que os seus ollos ven. En vésperas da aparición da súa última obra, *Intente usar otras palabras*, Germán Sierra préstanos o seu dinamismo lúdico, a súa mirada irónica, a forma exacta con que un científico contempla inmóbil o paso implacable do tempo.



1966.

O doutor Reider levanta as pinzas de disección e sinala cara aos seus axudantes co ademán dun director de orquestra: ao seu sinal, ambos os discípulos (aínda que vestidos con batas de quirófano anoadas ás costas, a ausencia de gorros e máscaras revela que non se dispón a operar a un paciente humano, senón a outra cousa que require bastantes menos precaucións...) aproxímanse á mesa de mármore sobre a que xace un animal de pequeno tamaño, completamente cuberto de fino vello negro, coa cabeza oculta por unha tea branca, as patas estendidas en cruz e a caixa torácica aberta mostrando os órganos internos. Dúas esponxas rosadas. Un corazón minúsculo. Mario Maretti viu cordeiros abertos en canle nas carnicerías da súa cidade, aínda que espelicados e completamente eviscerados; asistiu, por suposto, a operacións cirúrxicas durante os seus estudos de medicamento; ata viu morrer pacientes no quirófano, pero dalgún modo esta imaxe resúltalle máis cruel, máis repugnante. Os fluorescentes do teito zoan como abellóns e esparexen unha claridade amarela que emporca todo o soto e apesta a tetracloruro de carbono. Detrás do doutor Reider, a enfermeira Fillenz, firme, cun aspecto de sádica impasibilidade e as luvas de látex apenas impregnadas de sangue, parece ser a responsable da toracotomía inicial.

“O timo”, expón Reider, curvándose cara ao cadáver ínfimo, “atópase situado no mediastino anterior. É un órgano impar e medio de forma piramidal bilobulada, co vértice dirixido cara arriba e unhas dimensións extraordinariamente variables segundo a idade do suxeito. No ser humano pesa uns 15 gramos no momento do nacemento e aumenta progresivamente de tamaño ata chegar ao seu máximo na puberdade. A partir dese momento comeza unha lenta involución, de tal modo que ao chegar á idade adulta apenas pode observarse un apéndice atrófico, case sen vestixios da súa estrutura primitiva. Do

feto dun cordeiro como este podemos obter douscentos ou trescentos milígramos, o que supón como máximo un par de gramos por camada.”

Un esgarro sanguinolento nunha cápsula de vidro.

Agora poden proceder á pasteurización e á liofilización.

2006

Cando a entrega ten lugar á hora do xantar moitas veces atopa a Samuel Nernst sentado no soportal, nunha das cadeiras de brazos de bambú, probablemente esperándoo e por iso deixou aberta a porta do xardín para que poida achegarse co automóbil ou a moto ata a mesma entrada do chalé. Nernst nunca lle presta a menor atención ata que se detén fronte a el e deposita o seu pedido sobre a mesa. É un cliente habitual e tócalle pasar pola súa casa polo menos dúas ou tres veces por semana, o que agradece porque Nernst sempre lle deixa unhas propinas excelentes, en ocasións case a metade do prezo do pedido, ata o punto de que a suma de tales gratificacións, coidadosamente aforrada, foi máis que suficiente para levar a Irina a un bo restaurante e invitala logo a un par de copas na discoteca, aínda que a cita non resultou como el esperaba e Irina apenas mostrou un pouco de curiosidade polas cousas que el lle relataba entusiasmado durante a cea, sen que puidese advertir ningún sinal de verdadeiro interese pola súa banda. El xamais se atreveu a invitala de non ser pola insistencia das outras dúas camareiras —actitude bastante pouco de fiar tendo en conta que elas apenas falan con Irina mentres que a el coñéceno desde hai anos—, coas que ten moita máis confianza e coas que comentara varias veces o seu desexo de intimar con Irina, admitindo estar un pouco intimidado por ela. Ás veces Nernst recórdalle a Irina na súa actitude distante, coma se

estivese moi concentrado, absorto nos seus pensamentos, e sempre fose necesario realizar un grande esforzo para traelos de volta á realidade; aínda que tamén sempre lle parece que ambos, Nernst e Irina, están, no fondo, desexando que alguén lles preste suficiente atención, lles faga un pouco de compañía, xa que, polo que sabe, ambos viven sós, ambos son estranxeiros —o que non é inusual pois na vila non viven xa máis que estranxeiros—, moitos alemáns e ingleses retirados que investiron os seus aforros en comprar un apartamento ou unha casa na costa para pasar os seus últimos anos momificándose ó sol e no salitre ata converterse en patacas crocantes, e por iso, polos residentes foráneos e polos turistas, na vila hai moita oferta de traballo, quizais algo menos que hai uns anos, pero é moi raro que calquera con ganas de traballar non atope algo aínda que sexa temporal, como é o seu caso, aínda que a el vaille moi ben así porque a maior parte do ano dedícase ós seus estudos e o traballo de repartidor permítelle gañarse un diñeiro extra para gasolina, copas, algunha camiseta de moda, e para intentar mellorar as súas relacións coas mozas, non só as da vila senón tamén as súas compañeiras de curso.

Ás veces, nada máis saír do coche, mentres camiña cara a Nernst co paquete de comida italiana preparada na man, intenta comezar a conversación, fálalle do tempo ou cóntalle unha anécdota, pero Nernst xamais reacciona ata que o ten xusto enfronte, só entón faille algunha pregunta relativa a algo que faloron hai tres días, ou unha semana, e case sempre aproveita para chancear coas estrelas de cine. Nos últimos tres anos Samuel Nernst non fixo outra cousa que ver televisión. Duascentas canles nas que sempre pode atopar películas, algunha das súas series favoritas cuxos capítulos sabe de memoria. Dille a Nernst que se cruzou co coche do seu veciño e que ía acompañado por Sharon Stone. Evidentemente, era algunha muller que se lle parecía

moito a Sharon Stone, ata poida que fose unha desas
dobres que traballan para a axencia Lookalikers. A axencia
Lookalikers fundouna Oras Janwatanagool en Montreal,
Canadá, no 2004. Desde entón estendeuse por diversos
países de América, Asia e Europa e as súas páxinas web
reciben millóns de visitantes ao ano. En termos sinxelos,
a axencia Lookalikers representa a quen se parecen a
algunha celebridade e desexan explotar a súa semellanza
en calquera ámbito laboral, desde a publicidade á
pornografía e á prostitución (esta última actividade non
está expresamente contemplada na explicación da web,
que sobre todo se centra nos aspectos publicitarios e
cinematográficos, aínda que o verdadeiro negocio é a
pornografía en internet). Por suposto, ás veces é necesario
axudar un pouco a natureza para transformar a semellanza
en identidade, e para iso nada mellor que acudir aos
especialistas da clínica Maretti en Positano e recuperarse
da intervención na leira de Tayfur Flock, pola que se pasea
Galina Lanita protexida do sol cun chapeu de á ancha e
vestida cunha túnica branca. O doutor Wram, da clínica
Mario Maretti, advertiuna repetidas veces contra a luz solar
para evitar posibles manchas ou cicatrices. A Galina Lanita
sempre lle dixeron que se parecía moitísimo a Paula Abdul,
de modo que comezou a ensaiar as coreografías dos seus
vídeos e a vestir como ela. Ata hai unha semana había
outra moza na leira, unha francesa idéntica a Sharon Stone.
Ambas almorzaban xuntas todas as mañás e comentaban
o progreso das súas intervencións, aínda que despois a
réplica de Sharon desaparecía todo o día e non volvían
atoparse ata a cea. Un día, cando xa estaba completamente
recuperada, apareceron varios fotógrafos e retratárona
espida na piscina de Tayfur Flock, un escintilante rectángulo
azul rodeado dunha vexetación moi vizosa que hai que estar
limpando de follas continuamente.

Coordinación: A.R. López, Montse Dopico e S. Noia. Deseño: Signum.

